



MUSEALIZACIÓN DO CONXUNTO ETNOGRÁFICO DAS PALLOZAS DO CEBREIRO

Luísa Serrano García*

M^a Luísa Fernández Bal**

O actual **Conxunto Etnográfico das pallozas do Cebreiro**¹ empeza a orixinarse a finais dos anos sesenta do pasado século por iniciativa de D. Manuel Chamoso Lamas, quen consegue a cesión ó Estado, a través do Concello de Pedrafita, de catro pallozas da aldea do Cebreiro.

No ano 1969, por Decreto 2.122/1969 de 16 de agosto (BOE de 30 de setembro), créase o Museo de Artes y Costumbres Populares de Piedrafita de El Cebreiro, que sería inaugurado o 12 de outubro de 1971, tras as obras de restauración e consolidación das pallozas con proxecto do arquitecto Carlos Fernández-Gago. A propiedade e a titularidade correspóndenlle á Dirección General de Bellas Artes del Ministerio de Educación y Ciencia (hoxe Ministerio de Cultura).

Por Resolución de 14 de decembro de 1989 transfírese á Comunidade Autónoma de Galicia a xestión dos museos de titularidade estatal, entre os que figura o xa citado Museo de Artes y Costumbres Populares -El Cebreiro, como sección do entón denominado Museo Monográfico del Castro de Villadonga. Esta transferencia determinaba que a titularidade dos edificios e instalacións seguía correspondendo ó Estado, coa obriga de realizar os investimentos necesarios para o bo estado dos edificios, mentres que a xestión de persoal e coleccións, así como o mantemento

corrente das instalacións corre a cargo da Xunta de Galicia².

A indefinición da transferencia, xunto coa falta de persoal técnico adscrito á xestión do “museo”, xa que só se transferiu un garda, e a carencia dun orzamento de seu, derivou nunha caótica xestión que provocou a deterioración da colección e dos edificios.

No ano 2004, por iniciativa do director do Museo do Castro de Viladonga, Felipe Arias Vilas, propónselle á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural a necesidade de acometer obras de reparación e adecuación museolóxica do conxunto das pallozas. Isto levou á contratación en 2005 dunha bolseira, Bibiana Castro Ramil, para a revisión e actualización do Inventario de fondos³.

A partir do 2005, inicianse as tarefas que permitirán a revalorización deste significativo conxunto etnográfico. Así, encárgase á redacción dos proxectos museolóxico e museográfico a Bibiana Castro; en paralelo, a restauradora Vania López Arias fai unha primeira limpeza, desinsectación e valoración das necesidades de consolidación e protección das pezas da colección.

* Arquitecto.

** Conservadora Facultativa do Museo do Castro de Viladonga.

1 Integrado por catro pallozas: a de Xan López, a de Campelo, a de Galán e a de Quico.

2 No momento actual está iniciado o proceso para a transferencia da titularidade dos edificios e dos centros á Xunta de Galicia.

3 En 1992, mediante unha bolsa da Consellería de Cultura, M^a Teresa Gradín fixo un inventario, revisado en 1997, no que xa advirte os problemas de conservación que presentan os fondos.

Ó mesmo tempo, o Servizo de Arquitectura⁴ da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo redactou por encargo da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural unha memoria valorada das obras de reparación, acondicionamento e mellora das pallozas. Nesta intervención refíxose por completo o teito da palloza de Xan López, reparáronse os teitos das outras tres e leváronse a cabo diversas obras de mellora da instalación eléctrica.

Ó longo do 2007 Bibiana Castro desenvolveu tarefas de recompilación de documentación tanto escrita como gráfica e audiovisual con vistas á execución do proxecto de musealización; traballos que se desenvolveron no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, no Arquivo do Reino de Galicia, así como na Real Academia Galega de Belas Artes e nos arquivos do Museo do Pobo Galego, do Centro Galego de Artes da Imaxe e no Arquivo Sonoro de Galicia.

Nese mesmo ano encárgaselle á arquitecta Luísa Serrano García a redacción do proxecto de rehabilitación integral das catro pallozas que conforman o conxunto etnográfico. Estas obras iniciáronse a finais do verán do 2007. Dos seus criterios técnicos fábase a continuación.

INTERVENCIÓN ARQUITECTÓNICA

O punto de partida da intervención arquitectónica era a musealización con criterio etnográfico tratando de devolver, na medida do compatible co novo uso, o aspecto orixinal utilizando os sistemas construtivos tradicionais deste tipo de edificacións.

Como é ben sabido, as pallozas, como todas as edificacións tradicionais, constrúense cos materiais existentes na súa contorna, neste caso lousa, pedra calcaria, cuarcita, madeira de carballo e palla de centeo ou colmo.

Os muros son de cachotería de lousa con cimentación

⁴ Baixo a dirección técnica de Manuel M^º Chaín Pérez, arquitecto do Servizo de Arquitectura da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e J. Pastor Ferreiros Carreira, arquitecto dos Servizos Técnicos da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte en Lugo.

do mesmo material, nalgúns casos apoiados directamente en afloramentos rochosos naturais. As fábricas colócanse practicamente a óso e os ocos refórzanse con cantería de pedra calcaria ou cuarcita no exterior e linteis de madeira no interior.

As cubertas execútanse con armaduras de trancos de carballo descortizado de diversas medidas para as pezas principais e táboa de carballo sobre a que e fixan os mollos de colmo que rematan a construción.

As adversas condicións climatolóxicas das zonas de montaña do leste da provincia de Lugo e a propia estrutura arquitectónica das pallozas, con vans escasos e pequenos, non permiten a correcta ventilación interior destes inmobles.

A conservación das pallozas vai indefectiblemente xunguida ó fume e ó illamento das humidades, para o que son fundamentais as seguintes condicións:

- mantemento da cuberta de colmo, na que non se poden producir filtracións

- a drenaxe perimetral exterior para recoller as augas que escoan da cuberta (que pode seguir vertendo moitos días despois de derretida a neve), por medio de gabias que rodean os muros polo exterior e nas que se colocaba un lousado disposto en escama de peixe que permitía a correcta escurredura das augas

- a continua presenza de lume no interior, xa que a lareira estaba constantemente acesa, posto que o fume curte a palla, evitando a propagación de insectos xilófagos e a aparición de mofos.

As ambigüidades respecto á titularidade das catro pallozas derivou na súa deficiente conservación; as condicións mencionadas non se daban no caso das pallozas de Quico, de Campelo e de Galán, que foran cedidas tacitamente a diversas asociacións relacionadas coa peregrinación a Santiago que incluso realizaron nelas diversas reformas sen criterio ningún. Por outra banda, non se limpaban as gabias perimetrais, polo que se foi acumulando nelas terra e humus ata o punto de medrar algunhas árbores, polo que non só deixaron de funcionar como drenaxe senón que se converteron nun foco xerador de humidades e filtracións.



Interior da palloza de Galán antes da intervención



Execución da gabia de drenaxe



Estado inicial do cuarto da palloza de Galán

Unha vez que a Consellería de Cultura se fixo cargo da situación, acometeuse en primeiro lugar a reparación das cubertas e a continuación a resolución das filtracións para o que se limparon completamente as gabias e se executou unha recollida de augas con tubo rañurado sobre o que se repuxo o lousado tradicional en escama de peixe⁵.

En paralelo, limpáronse interiormente as paredes para eliminar os fungos, mofos e algas que as invadían e eliminouse o morteiro de cemento empregado en anteriores rexuntados. Aplicouse ademais un tratamento preventivo antimofos en fábricas e madeiras e fíxose unha limpeza de cubertas con tratamento antixilófagos.

En canto ás carpinterías das ventás e portas, que se atopaban e bastante mal estado, substituíronse seguindo os modelos tradicionais e empregando madeiras vellas. Déuselles un tratamento a base de aceites naturais para facilitar o seu envellecemento, xa que antigamente estas madeiras, aínda que estivesen ó exterior, non se trataban. Recuperáronse tamén as antigas ferraxes empregadas en bisagras, pechos e tiradores.

Os pequenos ocos circulares das ventás, que tradicionalmente se tapaban con mollos de palla para que non entrara o frío, pecháronse con cristais á medida, para que contribuísen á relativa iluminación dos interiores.

Renovouse o sistema eléctrico mediante a instalación dun novo cableado colocado en superficie na cabeceira dos muros, invisibles para as visitas, pero perfectamente accesibles para os técnicos e debidamente protexidos para evitar o eventual ataque de insectos e/ou roedores⁶ e para prever a eventualidade dun incendio. Instaláronse cadros eléctricos convenientemente disimulados en

⁵ Foron de gran utilidade as precisas informacións do garda do Conxunto, Manuel González, como coñecedor directo das zonas que precisaban a actuación.

⁶ Aínda que se fan controis mensuais de roedores a cargo dunha empresa de desratización especializada.

armarios expresamente deseñados e iluminación de emerxencia con baterías en cada palloza.

En canto á iluminación optouse por recrear a penumbra habitual neste tipo de vivendas, nas que a escasa luz procedería do resplandor da lareira, os candís, o guizo ou, no mellor dos casos, dunha lámpada incandescente coa chegada da electricidade. Por iso, optouse pola instalación de lámpadas de baixa potencia penduradas dun cable forrado de cor negra e enganchadas en taquiños de madeira encaixados nas xuntas das pedras, procurando sempre evitar a incidencia directa da luz nos ollos dos visitantes. O resultado foi satisfactorio, na nosa opinión, porque permite ademais unha rápida adaptación dos ollos á escaseza de luz do interior das pallozas, incluso en días de alta luminosidade no exterior.



Interior da palloza de Quico tras a intervención (Foto: Pepe Tejero)

Cada palloza está equipada con cadanseu extintor de incendios no interior e manguera conectada á rede de auga da aldea do Cebreiro, colocada nunha arqueta no chan diante de cada palloza, que pode dar servizo, en caso de necesidade, ó resto das construcións da aldea.

Un dos aspectos da rehabilitación que resultou máis complicado de resolver foi o dos pavimentos, xa que

nos atopamos coas seguintes situacións:

- A palloza de Xan López estaba enteiramente revestida de lousa
- A palloza de Quico tiña un chan de lousas recortadas industriais
- A palloza de Campelo tiña o chan de cemento
- A palloza de Galán era a única que conservaba o chan de terra pisada

Posto que o uso que no plan museolóxico estaba previsto para a palloza de Campelo era o de almacén e sala de traballo e reunións, levantouse o chan de cemento e colocouse un entarimado de grosas táboas de madeira de carballo sen puír, convenientemente illado sobre restreles e tratado con aceites naturais. Na palloza de Xan López, que era a única que se viña abrindo con asiduidade ás visitas, mantívose o chan de lousa, posto que se considerou que non desentoaba coa musealización prevista. Na palloza de Quico levantouse o chan de lousas e limpáronse os restos do revestimento orixinal que se conservaran debaixo; esta terra cribouse para despois estabilizala con cal⁷ e con ela refíxose o pavimento dun xeito máis aproximado ó orixinal de terra compactada. Na palloza de Galán simplemente limpouse e completouse nas zonas onde se perdera.



Probas para o pavimento

⁷ Para o que se realizaron numerosas probas variando as cantidades de cal ata chegar á mestura que permitía unha mellor conservación e duración. Este minucioso traballo foi levado a cabo polo aparelador da empresa construtora (RECONSA), José López Fernández.

Outras intervencións consistiron na colocación de canles para recollida de augas nas entradas e no acondicionamento dos “cuartos” ou alcobas existentes nas pallozas de Quico e de Galán, colocando chan e teito de madeira.

Na palloza de Xan López fíxose unha pequena oficina para o garda do conxunto, que ata agora non tivera nunca un lugar onde poder resgardarse, traballando nas mesmas condicións dos antigos habitantes destas vivendas. Aproveitando que na *estrabariza* aínda se conservaban os ocos e resaltes dos muros onde se apoiarian os soportes da *barra*, construíuse unha pequena habitación completamente acondicionada para que o garda poida sentirse como un traballador do século XX, con calefacción, teléfono e outros adiantos tecnolóxicos, se ben o espazo é abondo reducido.



Oficina na barra. Palloza de Xan López

MONTAXE MUSEOGRÁFICA

Como xa dixemos, os proxectos museolóxico e museográfico foron elaborados por Bibiana Castro Ramil, quen expresou con claridade os motivos polos que se descartou unha intervención baseada na reconstrución de ambientes domésticos e preferiuse ofrecer unha visión de conxunto da vida nas aldeas de montaña que desbotase as consideracións románticas que moita xente ten destes poboados como núcleos illados da civilización e pouco menos que fosilizados nun tempo “inmemorial”.

En palabras da propia Bibiana Castro, “estamos a traballar cun espazo que despois das alteracións arquitectónicas e estruturais sufridas cando a súa adquisición poderíamos cualificar de ‘novo’, xa que as estruturas actuais son o resultado de intervencións alleas ós seus moradores. Do mesmo modo, as pezas coas que contamos son tamén o resultado desta situación, que provoca unha total inobservancia da súa adscrición ás vivendas nas que cumpriran a súa funcionalidade. Ademais, moitos destes obxectos son tamén resultado do labor de recolleita no que se achegaron obxectos que non pertencían ós habitantes destas pallozas –e mesmo tampouco a este contexto cultural–, obviando os criterios documentais que permitisen a súa adscrición xeográfica ou temporal”.

“A partir destas premisas considérase como punto de partida para a elaboración do discurso museográfico o concepto de palloza como ámbito no que teñen lugar as distintas actividades produtivas que constitúen o modo de vida dos seus habitantes, que determinan tanto os elementos estruturais das construcións como os diferentes obxectos da cultura material da montaña. Polo tanto, o concepto principal expresado no proxecto museolóxico e na propia montaxe museográfica é o da **casa como unidade de produción**, feito que condiciona os aspectos económicos, pero tamén os arquitectónicos e sociais das familias da alta montaña lucense”.

Tivéronse en conta outros dous factores:

- O Cebreiro é a entrada a Galicia dos cada vez máis numerosos peregrinos a Santiago, pero a súa estadía neste lugar ten como finalidade principal descansar da dura subida desde Ponferrada, polo que a exposición tiña que ser clara e concisa e o suficientemente conceptual para conseguir que

levasen da visita unha idea global da vida da montaña e do papel desta particular vivenda.

- A intención de respectar o ambiente de penumbra do interior das pallozas, xunto coa variada procedencia dos potenciais visitantes e os seus variados niveis formativos e idiomáticos levounos a evitar a profusión de información escrita.

Así pois desenvolveuse o seguinte esquema:

- Palloza de Xan López: dado que está situada na entrada á aldea e veu funcionando como “museo” desde hai anos e porque conserva unha estrutura arquitectónica que reflicte bastante ben o ambiente doméstico, destinouse a amosar a vida do fogar en torno á lareira e a alcoba pechada que permitía a intimidade do matrimonio de máis idade que encabezaba a extensa familia e era o titular do patrimonio da casa.



Interior da palloza de Xan López despois da intervención (Foto: Pepe Tejero)

- Palloza de Quico: é a que conserva mellor a estrutura interior: o ástrago con forno, lareira, cuarto, canizo, hucha, escaleira de acceso á barra e *estrabariza*. Ofrécese nela unha visión das actividades produtivas propias da economía da montaña, baseadas na gandaría, a agricultura e o aproveitamento do monte.
- Palloza de Galán: é a máis estragada en canto á súa planta. Aproveitase para amosar os aspectos arquitectónicos máis sobresaíntes do teito. No espazo que se conserva da *estrabariza* instaláronse catro paneis dobres nos que se ofrece por medio de fotos, esquemas e textos breves a información sobre a palloza como vivenda adaptada ó medio, á economía e á sociedade ancaresa.
- Palloza de Campelo: habilitouse como almacén e sala para usos variados.

Para finalizar, gustaríanos salientar que, en contra do frecuente neste tipo de obras nas que intervimos técnicos de distintas especialidades, non sempre fáciles de conciliar, formouse neste caso un equipo multidisciplinar co único fin de que o traballo se realizase correctamente, lográndose unha notable sintonía que cremos que se reflicte no resultado final.



Palloza de Quico tras a rehabilitación (Foto: Pepe Tejero)